

## CÍRCULO DE SILENCIO

Rede Social Galicia Sur

#CírculosDeSilencioVigo

### 7 DE OUTUBRO DÍA INTERNACIONAL POLO TRABALLO DECENTE

*Un Traballo Decente ten que ser un Traballo Saudable*

Este 7 de Outubro de 2023, apoiamos a convocatoria da iniciativa Igrexa polo Traballo Decente (ITD), unidas a todas as persoas traballadoras do mundo, e celebramos a Xornada Mundial polo Traballo Decente co obxectivo de reivindicar o traballo decente como dereito e para lograr o benestar da comunidade. Reclamamos a importancia de que “O traballo é o gran tema”, medio imprescindible para o recoñecemento da dignidade das persoas, e con todo a miúdo ausente ou precarizado.

Desde 2015, esta iniciativa persegue reivindicar o Traballo Decente seguindo as palabras do papa Francisco: “Non hai peor pobreza material que a que non permite gañar o pan e privar da dignidade do traballo” e o obxectivo nº 8 da axenda 2030 da ONU: “Traballo decente como a oportunidade de realizar unha actividade produtiva que achega un ingreso xusto, seguridade no lugar de traballo e protección social para as familias”.

En 2023 queremos facer especial fincapé na importancia que ten a seguridade nos lugares de traballo, de acordo co lema deste ano: “*Un Traballo Decente ten que ser un Traballo Saudable*”, porque o traballo non pode considerarse como un castigo para as persoas. Por iso denunciaremos a situación precaria de moitas persoas traballadoras do noso país, centrándonos en que a sinistralidade no traballo aumenta en lugar de diminuír e esta triste secuela habemos de denunciála. Estamos convencidas de que a falta de saúde laboral é un problema social que require de solucións colectivas. Son exemplos destas situacións:

- Especialmente preocupante nos traballos feminizados (limpeza, coidados, enfermaría...) son os moitos casos de cargas esquelético-musculares, así como os problemas de saúde mental que orixinan estes traballos expostos exclusivamente desde o punto de vista económico e non desde a perspectiva humana.
- Miles de persoas seguen hoxe en día sen acceso ao traballo, mentres as condicións precarias seguen instaladas entre a clase traballadora, perpetuando a vulnerabilidade. Un informe elaborado por Esade denota esta preocupación polo benestar mental, como unha das causas prioritarias á hora de abandonar un posto de traballo, seguida da procura de mellora de condicións e as maiores posibilidades de conciliación.

Por todo isto, os movementos impulsores desta Iniciativa, seguimos demandando un traballo no que non sufra a nosa saúde, e esiximos, xunto a outros colectivos de traballadores, a implantación e o cumprimento dos medios de prevención de riscos laborais que defendan a vida dos traballadores. Así mesmo, lembramos un ano máis as reivindicacións da humanización do traballo, e pedimos ás Institucións e Administracións un compromiso de promoción do traballo decente que evite a exclusión e a precariedade.

